



Resolución do 18 de decembro de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se fai pública a convocatoria dos *XIX Premios á excelencia musical Mans Futuro 2024* dirixidos ao alumnado da especialidade de Interpretación dos conservatorios superiores de música da Comunidade Autónoma de Galicia.

A *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, modificada pola *Lei 3/2020, de 29 de decembro*, establece no seu artigo 45 que a finalidade das ensinanzas artísticas é a de proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Asemade, a *Lei 1/2024, do 7 de xuño, pola que se regulan as ensinanzas artísticas superiores e se establece a organización e equivalencias das ensinanzas artísticas profesionais*, indica no seu artigo 4 que as ensinanzas artísticas superiores constitúen un sistema específico de formación artística de calidade que persegue responder con eficacia e transparencia á demandas sociais, culturais e económicas, tanto nacionais como internacionais, garantindo a formación de futuros profesionais.

O artigo 3 do *Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía, na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 218, do 16 de novembro), e o artigo 3 do *Decreto 171/2016, do 24 de novembro, no que se establecen novos itinerarios na especialidade de Interpretación* (DOG núm. 235, do 12 de decembro), dispón que o perfil do/da titulado/a superior en Música corresponde ao/á dun/dunha profesional cualificado/a que acadou a madurez e a formación técnica e humanística necesarias para realizar de maneira plena a opción profesional máis adecuada ás súas capacidades e intereses, mediante o desenvolvemento de competencias comúns aos estudos de música e na correspondente especialidade; igualmente, entre as competencias transversais do/da titulado/a superior en Música, no seu anexo II, recóllense as de "Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional" e "Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional".

O Convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e a Fundación Paideia Galiza para a colaboración nas ensinanzas profesionais de música e danza, e superiores de música, do 10 de decembro de 2024, establece as bases de colaboración educativa entre ambas entidades para a promoción e posta en valor, nos ámbitos da música e da danza, de artistas dos conservatorios galegos que veñan





de rematar os estudos profesionais de música e de danza, e superiores de música, nos conservatorios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os *XIX Premios á excelencia musical Mans Futuro 2024* son promovidos pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e pola Fundación Paideia Galiza, titular dos Estudos Mans, para recoñecer o esforzo e pór en valor os méritos das persoas que veñan de rematar as ensinanzas artísticas superiores de música nun centro de titularidade da Xunta de Galicia, servindo, asemade, como proxección destes artistas a través da realización dunha gravación e da promoción dun traballo discográfico.

Por todo o exposto, en virtude das atribucións que lle foron conferidas a esta dirección xeral,

RESOLVO:

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta resolución ten por obxecto convocar os *XIX Premios á excelencia musical Mans Futuro 2024* para o alumnado que rematou os seus estudos de ensinanzas artísticas superiores na especialidade de Interpretación no curso académico 2022/23 ou no curso académico 2023/24 en conservatorios superiores de música dependentes da Xunta de Galicia.

Segundo. Contido dos premios

1. Poderanse conceder un primeiro premio e dúas mencións de honra:

- a) O primeiro premio consistirá no dereito á gravación discográfica, mestura, edición e masterización dun repertorio de 45 minutos, xa sexa como solista ou coa colaboración dun máximo de dous (2) acompañantes. Excepcionalmente poderá considerarse incrementar o número de acompañantes ata un máximo de catro (4), previa xustificación. Ademais terá dereito á gravación dun vídeo en falso directo cunha duración máxima de 3 minutos.
- b) As dúas mencións de honra consistirán no dereito á gravación dunha maqueta dun repertorio de 25 minutos como solista ou ben cun máximo de ata dous (2) acompañantes, e á gravación dun vídeo en falso directo cunha duración máxima de tres (3) minutos. Excepcionalmente poderá considerarse o incremento do número de acompañantes ata un máximo de catro (4), previa xustificación.

2. As gravacións realizaranse nos Estudos Mans da Coruña segundo a dispoñibilidade do estudo e os vídeos gravaranse nas mesmas xornadas de realización das gravacións do repertorio. Estas gravacións deberán efectuarse no prazo de tres (3) meses contados a partir da data de



publicación da concesión dos premios. Este prazo poderá verse ampliado segundo a dispoñibilidade do estudo de gravación ou por causas de forza maior que impidan que o proxecto se leve a cabo no prazo sinalado.

3. A gravación do primeiro premio poderá ter lugar en ata dúas (2) sesións, cun máximo de oito (8) horas en total. As gravacións das dúas mencións de honra terán lugar nunha sesión de entre tres (3) e seis (6) horas de duración, en horario de mañá ou de tarde.

4. Para o caso da persoa ganadora do primeiro premio, a Fundación Paideia Galiza realizará os trámites pertinentes para o depósito legal da gravación sonora.

5. O repertorio que integre o programa será proposto pola persoa galardoada, tendo en conta que, no caso de tratarse de obras que non sexan de dominio público, os posibles custos derivados do aboamento de tarifas en razón de propiedade intelectual correrán a cargo da persoa beneficiaria do premio.

Terceiro. *Requisitos das persoas aspirantes*

- a) Ter finalizados os estudos conducentes á titulación de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores na especialidade de Interpretación pola que opta ao premio no curso académico 2022/23 ou no curso académico 2023/24 nun centro de ensinanzas artísticas superiores de titularidade da Xunta de Galicia.
- b) Ter acadada a cualificación de sobresaliente ou matrícula de honra no traballo fin de estudos na especialidade de Interpretación pola que opta ao premio, segundo o establecido nos plans de estudos recollidos no *Decreto 163/2015, do 29 de outubro*, e no *Decreto 171/2016, do 24 de novembro*, no curso académico 2022/23 ou no curso académico 2023/24.
- c) Non ter participado en edicións anteriores destes premios co mesmo itinerario.

Cuarto. *Forma e prazo de presentación de solicitudes*

1. A solicitude de participación (Anexo I) dirixirse á Dirección Xeral de Formación Profesional e presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e





sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Ademais, remitirase copia da solicitude e do Anexo I ao enderezo electrónico asesoria.musicasuperior@edu.xunta.gal nos prazos establecidos nesta resolución.

2. As solicitudes subscribíraas a persoa interesada ou a persoa que acredite a súa representación por calquera medio válido en dereito.

3. Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Xunta de Galicia dispón de instrucións de axuda, que deberán observar en todo momento as persoas solicitantes. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención dos formularios, poderán dirixirse ao teléfono de información 012 ou ao enderezo electrónico 012@xunta.gal

Se as dúbidas están relacionadas con esta convocatoria, poderán facer as súas consultas no enderezo electrónico asesoria.musicasuperior@edu.xunta.gal

4. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto do 19 de decembro de 2024 ao 20 de xaneiro de 2025, ambos os dous días incluídos.

Quinto. Documentación complementaria

1. As persoas solicitantes deberán enviar unha gravación dixital en vídeo, xunto cunha copia da solicitude de participación e do Anexo I, por correo postal ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente, Edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela, no prazo de inscrición sinalado na presente resolución.

2. A gravación dixital en vídeo deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) A gravación estará en formato AVI ou MPEG, en soporte DVD ou memoria USB, cunha duración total máxima de 25 minutos e cun tamaño máximo dun xigabyte (1 GB).
- b) A gravación conterá a interpretación de tres pezas (obras ou movementos completos de obras) de diferentes estilos, dunha dificultade acorde ao nivel das ensinanzas artísticas superiores. No caso de tratarse de obras que non sexan de dominio público, os posibles custos derivados do aboamento de dereitos de autor ou calquera outro que poida derivarse deberán ser asumidos pola persoa solicitante.
- c) A gravación non poderá estar editada e deberá corresponder a unha toma en directo sen aplicación de ningún tipo de procesamento de son e/ou imaxe. A persoa solicitante poderá realizar máis dunha toma de vídeo sempre e cando interprete de forma continua cada peza.





- d) A persoa solicitante unicamente poderá presentar unha solicitude como candidato individual, realizando a interpretación como solista, con acompañamento da agrupación que precise, se é o caso.
- e) Os títulos e compositores/as das pezas interpretadas deberán indicarse na solicitude de participación respectando a orde de interpretación na gravación remitida por correo postal.

Sexto. Obrigas dos conservatorios superiores de música

Os centros correspondentes remitirán ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente unha certificación do alumnado solicitante en que deberá figurar a nota media do expediente académico, e o total dos créditos superados, incluíndo os recoñecidos. Así mesmo, deberá constar o curso académico en que superou o traballo fin de estudos (TFE), e a data en que se realizou o depósito para a expedición do título correspondente.

Sétimo. Exposición de listaxes de persoas admitidas

1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e tras examinar estas e a documentación presentada polas persoas solicitantes, expóranse as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas, e os motivos de exclusión, na páxina web da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (<https://www.edu.xunta.gal>) na epígrafe de Ensinanzas de Réxime Especial.
2. As persoas interesadas disporán dun prazo de reclamación de dez (10) días. Durante ese prazo, poderán emendar erros e achegar a documentación necesaria.

Oitavo. Tribunal cualificador

1. Para a concesión dos premios constituirase un tribunal cualificador que estará integrado por:
 - a) A persoa responsable da Dirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue, que será o/a seu/súa presidente/a.
 - b) Tres vogais, que serán persoas especialistas no ámbito da música designados conxuntamente pola Fundación Paideia Galiza e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.





c) Unha persoa asesora de ensinanzas artísticas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actuará como secretaria do tribunal.

2. O tribunal terá atribuídas as competencias para o outorgamento dos premios, sendo a súa decisión inapelable. As deliberacións do tribunal cualificador serán secretas e deberán redactarse nunha acta, subscrita polo/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a e dos demais membros do tribunal.

3. Os criterios de valoración serán os seguintes: nivel e dominio técnico, calidade e madureza artística, capacidade comunicativa e significatividade do repertorio presentado.

4. O tribunal cualificador poderá declarar deserto algún dos premios.

Noveno. Desenvolvemento dos premios

1. Fase de preselección: O tribunal cualificador seleccionará ata un máximo de tres persoas finalistas entre as persoas admitidas neste procedemento. O tribunal cualificador recollerá nunha acta a listaxe de persoas ordenadas por cualificación, así como a selección das persoas finalistas. Esta listaxe será publicada na páxina web da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (<https://www.edu.xunta.gal>). O tribunal cualificador poderá declarar deserto algún dos postos de finalista.

2. Fase final: Tras a selección das persoas finalistas, organizarase unha proba presencial pública ante o tribunal cualificador, que consistirá na execución dun programa de concerto, en atención ao seguinte:

- a) O programa a executar na rolda final estará integrado por pezas (obras ou movementos completos de obras) de diferentes estilos, dunha dificultade acorde ao nivel das ensinanzas artísticas superiores elixidas pola persoa aspirante, cunha duración total máxima de 25 minutos.
- b) Este programa pode diferir ou coincidir co presentado para a fase de preselección. No caso de presentar un novo programa, a persoa aspirante deberá achegar os títulos e compositores/as das pezas interpretadas, respectando a orde de interpretación ao enderezo electrónico asesoria.musicasuperior@edu.xunta.gal.
- c) No caso de tratarse de obras que non sexan de dominio público, os posibles custos derivados do aboamento de dereitos de autor ou calquera outro que poida derivarse





deberán ser asumidos pola persoa aspirante. Para a execución deste programa, a persoa aspirante poderá contar coa colaboración doutros/as intérpretes. Dita colaboración correrá por conta das persoas participantes.

- d) A cualificación da proba por parte do tribunal cualificador establecerá a orde de adxudicación dos premios. O tribunal cualificador recollerá nunha acta a listaxe de persoas ordenadas por cualificación, así como a adxudicación dos premios.
- e) O tribunal cualificador poderá declarar deserto algún dos premios.

Décimo. Adxudicación dos premios

1. A continuación da proba presencial final terá lugar a comunicación da adxudicación e entrega dos diplomas correspondentes ás persoas seleccionadas nun evento público organizado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
2. A adxudicación será publicada no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e nas páxinas web da Fundación Paideia Galiza (www.paideia.es e www.estudiosmans.com).
3. Será condición necesaria para a obtención dos premios que as persoas premiadas acepten expresamente a recepción do premio en resposta ao correo electrónico que se remita ao efecto. Se calquera das persoas premiadas desistise do premio ou da gravación correspondente, os premios outorgaranse conservando a prelación establecida polo tribunal cualificador.

Décimo primeiro. Datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na *Guía de procedementos e servizos*, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacionxeralproteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.
2. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste procedemento no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para





a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

3. A fin de darlle a publicidade exigida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

4. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

5. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, a 18 de decembro de 2024

A directora xeral de Formación Profesional
María Eugenia Pérez Fernández





Anexo I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
XIX Premios á excelencia musical Mans Futuro 2024	PR004A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NIF/NIE/Pasaporte:
ENDEREZO:			
CP:	PROVINCIA:	CONCELLO:	LOCALIDADE:
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
DATA NACEMENTO		NACIONALIDADE	
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA:			
<input type="checkbox"/> CMUS Superior da Coruña		<input type="checkbox"/> CMUS Superior de Vigo	
ESPECIALIDADE: INTERPRETACIÓN		ITINERARIO:	

PROGRAMA DE CONCERTO. DURACIÓN MÁXIMA DE 25 MINUTOS.	
OBRA	COMPOSITOR/A

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	DNI/Pasaporte:

EXPÓN: Que cumpre cos requisitos establecidos na *Resolución 18 de decembro de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se fai pública a convocatoria dos XIX Premios á excelencia musical Mans Futuro 2024 dirixidos ao alumnado da especialidade de Interpretación dos conservatorios superiores de música da Comunidade Autónoma de Galicia*, polo que:

SOLICITA: Sexa aceptada a súa solicitude de participación na convocatoria establecida na referida resolución.





COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
Certificado do centro correspondente no cal deberá figurar a nota media do expediente académico, e o total dos créditos superados, incluíndo os recoñecidos. Así mesmo, deberá constar o curso académico no que superou o traballo fin de estudos (TFE) e a data na que se realizou o depósito para a expedición do título correspondente	o

LEXISLACIÓN APLICABLE
Resolución do 18 de decembro de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se fai pública a convocatoria dos <i>XIX Premios á excelencia musical Mans Futuro 2024</i> dirixidos ao alumnado da especialidade de Interpretación dos conservatorios superiores de música da Comunidade Autónoma de Galicia; Convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e a Fundación Paideia Galiza para a colaboración educativa nas ensinanzas profesionais de música e de danza, e superiores de música.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data
, de de de

OBSERVACIÓNS:
 Deberase remitir este Anexo I e o modelo de solicitude efectuada na sede electrónica ao enderezo electrónico asesoria.musicasuperior@edu.xunta.gal

CVE: 3pSRxLeYxsk1
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

